

Arteixo / Educación

Avda. dos Bosques, 16 - Baixo
Telef.: 981 659 121 / 981 659 122
educacion@arteixo.org

LABORATORIO MUSICAL VERÁN 2025

"UN DÍA NO MAR"



Requisitos:

- Rapazada de Infantil (2º ciclo) e Primaria empadroada.
- Non empadroados: confirmarse dispoñibilidade de praza.
- Para a adxudicación de prazas realizarase sorteo que se celebrará nas instalacións do departamento de educación o día 6 de xuño ás 10 horas.

Normas xerais de aplicación a esta convocatoria de preinscrición:

- As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición presencial ou a través de correo electrónico (educacion@arteixo.org) do 15 de maio ao 3 de xuño.
- Deberán poñer no asunto campamento laboratorio verán 2025
- Deberán adxuntar o impreso de solicitude.
- Non conta con servizo de transporte nin servizos a maiores.

Arteixo / Educación

Avda. dos Bosques, 16 - Baixo
Telef.: 981 659 121 / 981 659 122
educacion@arteixo.org

- Unha vez que sexa confirmada a praza o pago do prezo público deberá ser aboado no seguinte prazo:
- Do 16 ao 20 de xuño de 2025.

Temática:

"UN DÍA NO MAR"

De cara ao período non lectivo de verán, propónse unha actividade lúdico-educativa orientada a complementar a formación ofrecida dende a Escola Municipal de Música de Arteixo.

As/os participantes, participarán en tres propostas de obradoiros diferentes en cada xornada. Os tres obradoiros serán parte dun eixe común, e os traballos desenvolto en cada un estarán coordinados para conseguir un produto conxunto.

O obxectivo final da actividade, será a creación dunha mostra do traballo desenvolto e por tanto, do produto conxunto anteriormente mencionado: Traballarase a aplicación das novas tecnoloxías na música, desenvolverase a expresión artística mediante a creación do atrezzo así como a expresión corporal e musical.

Nesta ocasión, traballarase como contido transversal, UN DÍA NO MAR. O auditorio do Centro Cívico converterase nun océano e a través da música trasladarémonos dende a superficie ata o fondo mariño a través dos seus habitantes, favorecendo, esa viaxe, a convivencia, a creatividade e a cooperación de todos e todas as participantes. A música como elemento de unión será o eixe vertebrador deste obradoiro.

Arteixo / Educación

Avda. dos Bosques, 16 - Baixo
Telef.: 981 659 121 / 981 659 122
educacion@arteixo.org

Destinatarios: 40 nenos e nenas de idades entre os 4 e 12 anos.

Temporalización:

O laboratorio musical desenvolverase ao longo de 11 xornadas de 4 horas de duración cada unha (de 10:00 a 14:00 horas)

XULLO 2025: días 16, 17, 18, 21, 22, 23, 24, 28, 29, 30 e 31

CONTIDOS

BLOQUE DE ACTIVIDADE	OBRADOIROS	CATEGORÍA
BLOQUE 1: TRABALLOS MANUAIS, TRABALLOS PLÁSTICOS, ATREZZO E OUTROS	CREACIÓN DE ATREZZO	ARTES VISUAIS
	CARACTERIZACIÓN	MANUALIDADES
BLOQUE 2: ACTIVIDADES MUSICAIS	EXPRESIÓN CORPORAL	MOVEMENTO
	CREACIÓN MUSICAL	MÚSICA
BLOQUE 3: INFORMÁTICA PARA APRENDIZAXE MUSICAL	CREACIÓN DE BASES MUSICAIS	MÚSICA
	EDICIÓN DE PARTITURAS	MÚSICA

Lugar de execución: CENTRO CÍVICO CULTURAL DE ARTEIXO MANUEL MURGUIA

Datas: 16, 17, 18, 21, 22, 23, 24, 28, 29, 30 e 31 XULLO

Horario: de 10:00 a 14:00h.

Prazas: 40

Custo: 44 euros